



A verdade

POCOS LIBROS nos deixan, despois de ser lidos, coa sensación de que aprendemos algo. Normalmente son libros que nos falan de cousas que xa sabemos pero que non nos atrevemos a admitir. Esa é toda a sabedoría á que se pode aspirar. O que se aprende na literatura é o que está dentro, e Marcos Giralt Torrente, con 'Tiempo de vida' (ed. Anagrama) consegue algo difícilísimo para un escritor: que non abandone o libro desde a primeira liña ata a última, que sigas e persigas esa historia que podía ser a túa, expoñendo nela sentimentos e situacións que ninguén pode dicir ata que punto son certas, pero si auténticas, e diso se trata cando se trata de escribir. Non da verdade obxectiva que se retrata, nin se o que sucede no libro é tal cal o que sucede na vida do seu autor. Iso non é o importante, o que nos importa é como se dispoñen as pezas dentro dun para chegar a contar esta historia. A verdade é económica. Non se para en longos parágrafos con poucas ideas. Vai ó óso, á fibra da historia. E nesta historia o que importan son os sentimentos, pero estes están expresados de tal maneira que non parece que o sexan, como de feito non o son. Porque os sentimentos son algo máis que puro sentir inane, pasivo. Os sentimentos son lugares de paso onde a vida se detén, onde se enquista, onde se frea, pero tamén onde medra, e non hai sentimento máis verdadeiro que aquel co que nos confrontamos, ó que miramos cara a cara, convertíndoos así en pensamentos auténticos.

Se algo hai no libro de Marcos Giralt é iso, unha capacidade de sentir que vai máis aló do propio sufrimento, que o rebasa para converterse en pensamento obxectivo, que se contempla a si mesmo coa súa propia lóxica, sen pegar a espantada a outros territorios como os da moral. É difícil falar dun libro cando penetra tanto, pero pódese sinalar e débese sinalar. Lamentablemente, non hai tantas boas obras ó noso redor e este libro que acaba de publicarse en Anagrama é unha desas xoias. Os

FALAR DE MÁIS

LUISA CASTRO



Os reseñadores de libros soen ser tacaños cando se trata de eloxiar o que verdadeiramente é bo. A iso estamos moi acostumados neste país

reseñadores de libros soen ser tacaños cando se trata de eloxiar o que verdadeiramente é bo. A iso estamos moi acostumados neste país, é o medo ó grande, ó verdadeiramente valioso. Pola contra sempre haberá quen festexe as miserias, sempre haberá quen xalee e quede coa boca aberta ante tanto funerario que cada dous por tres aparece nos periódicos para dar por finiquitada a Historia, a Arte, a Literatura. Erguéndose de paso a si mesmos unha estatua, éstes enterradores da Arte, o único reducto onde a verdade e a liberdade poden ir da man, campan polos seus respectos nos xornais e nas televisións, falan do libro electrónico, ércheselles a boca de terra e de pailanadas dixitais, pero que pouco son, qué pouco representan ó lado de quen coma Marcos Giralt demostra dunha sentada que só mantendo a fe na arte se pode manter a vida e soportar la morte, a gran contradición.

Na Biblia, que é un libro que hai que ler e volver ler, pasa de todo e Deus non se escandaliza. Fálase de diñeiro, fálase de vinganza, fálase de sexo, fálase de traición. De todo isto, nada menos, fala 'Tiempo de vida'. E de todo o contrario. De amor.